

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO NA EOXI DE PONTEVEDRA E O SALNÉS

Pontevedra, a 9 de abril de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando no nome e representación deste, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e do seu Presidente e de conformidade co Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte, D. M^a JOSEFA CRESPO AMIGO, maior de idade, con D.N.I 11.691.463 B, actuando en nome e representación da XUNTA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA da ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO (en diante AECC), XXXXXX CIF G-28/197564; actúa en calidade de Presidenta foi nomeada para o referido cargo en virtude de acordo adoptado polo Consello Executivo da AECC en sesión celebrada o día 21 de xuño de 2002 e actúa polas facultades que lle son conferidas nos Estatutos que regulan a organización e funcionamento da AECC, e que foron aprobados por acordo da Asemblea Xeral celebrada o 23 de xaneiro de 2018.

Ambas as dúas partes, actuando coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida, no exercicio das funcións que teñen legalmente atribuídas, recoñécense reciprocamente a capacidade legal suficiente para obrigarse e formalizar o presente convenio de colaboración

MANIFESTAN

I.- Que a Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés (en diante EOXI) pertence á rede pública do Servizo Galego de Saúde e ten entre os seus fins contribuír a mellorar o estado de saúde da poboación cos máximos niveis de calidade, utilizando fórmulas de xestión enfocadas á eficiencia e prestixiando con todo iso ao sector público ao que pertence.

Así mesmo, a EOXI de Pontevedra e O Salnés ten encomendada a xestión do Hospital de Día Oncohematolóxico.

II.- No ámbito estatal, a Ley 45/2015, do 14 de outubro, do Voluntariado dá cobertura a unha acción voluntaria sen adxectivos, sen excluír ningún ámbito de actuación nos que nestes anos consolidouse a súa presenza e favorece que poida promoverse non só no Terceiro Sector, senón noutros ámbitos máis novedosos, como son as empresas, as Universidades ou as propias Administracións Públicas.

Igualmente, no ámbito da Comunidade Autónoma, a Lei 10/2011, de 28 de novembro de acción voluntaria sinala que a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social é unha aspiración propia de calquera sociedade moderna e democrática. Na actualidade constitúe

tamén un compromiso que deben cumprir os poderes públicos, que se atopan compelidos a facilitaren e promoveren as condicións necesarias para facer efectiva a devandita participación.

Esta participación social vese consolidada cando as persoas e os grupos nos que se integran desenvolven por si mesmos, e dunha forma totalmente libre, altruísta e solidaria, actuacións que procuran o benestar social e a mellora da calidade de vida da comunidade. Cando estas actuacións deixan de ser un acto illado e espontáneo, e pasan a se efectuar nun marco institucional organizado e mediante entidades creadas ad hoc, é cando ten lugar o desenvolvemento dunha acción voluntaria.

A acción voluntaria é manifestación explícita da conciencia solidaria da cidadanía e fortalece a convivencia democrática, e debe ser, como xa queda dito, promovida polos poderes públicos. Son estes os que teñen a responsabilidade de crear as estruturas e o soporte legal preciso que posibilite, dende a liberdade, que a sociedade civil interveña no desenvolvemento de actividades e sectores de interese xeral e mais na consecución dos intereses públicos mediante a acción voluntaria.

III.-No artigo 5.2 da Lei 10/2011, de 28 de novembro, recóllese que aos efectos desta lei, considéranse incluídas dentro do ámbito da acción voluntaria a realización de actividades de interese xeral vinculadas coas de natureza sociosanitaria.

Por maior abastanza, o artigo 27.4º da Lei 8/2008, de 10 de xuño, de Saúde de Galicia, dispón que a colaboración das organizacións de voluntarios e cooperantes coas organizacións sanitarias adscritas ou vinculadas á Consellería de Sanidade poderá instrumentarse, no seu caso, a través de convenios, concertos, programas de subvencións e outros, de conformidade coa natureza da colaboración que pretenda establecerse. Ningunha colaboración individual ou colectiva, implicará relación laboral coa administración sanitaria.

IV.- O Servizo Galego de Saúde a través da EOXI de Pontevedra e O Salnés ao desenvolver esta actividade de voluntariado compre co estipulado na mencionada Lei 10/2011, de 28 de novembro de acción voluntaria e na Lei 8/2008, do 10 de xuño, de Saúde de Galicia, especialmente no seu artigo 27.

V.- A AECC é unha institución con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, de carácter benéfico asistencia e sen fin de lucro. Fundada en 1953 e declarada de “utilidade pública” en 1970.

VI.- Como fins principais da AECC é a loita contra o cancro en todas as posibles modalidades coñecidas, ou que no futuro se coñezan, mediante o desenvolvemento de funcións e de actividades de divulgación, de prevención, de investigación, de información e de carácter sanitario ou asistencial, así como a mellora da calidade de vida das persoas enfermas de cancro e das súas familias dende o primeiro diagnóstico da enfermidade ata a resolución da mesma.

VII.- Os Estatutos da AECC contemplan que para o mellor cumprimento dos seus fins, a Asociación porá en práctica cantos medios considere adecuados e, entre eles:

- A creación de organizacións e establecemento de servizos para a prevención, a investigación da enfermidade e o mellor tratamento e coidado dos afectados por ela.
- O establecemento de relación con todas aquelas entidades, públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, que persigan un fin análogo ao que é propio da Asociación.
- A protección asistencia ou integración social da infancia, da xuventude, da terceira idade, de persoas coa minusvalías físicas causadas polo cancro e de persoas con enfermidades tumorais na fase terminal.
- A agrupación a cantas persoas desexen cooperar activamente no logro dos fins asociacionais, dedicando especial atención á formación do voluntariado.

VIII.- A enfermidade do cancro require de constantes coidados de longa duración en moitos casos. O impacto psicolóxico que supón esta situación para a familia e o deterioro físico do paciente pon de manifesto a aparición de problemáticas sociais, que agravan as xa existentes e produce un desaxuste na convivencia familiar.

IX.- O Servizo Galego de Saúde e a EOXI DE Pontevedra e O Salnés, sensible aos fenómenos que poidan redundar nunha maior cohesión social recoñece o importante papel do voluntariado como mecanismo canalizador das lexítimas inquedanzas das persoas e das organizacións sen ánimo de lucro non desempeño de actividades altruístas e para o logro dunha sociedade máis solidaria. Por iso, cada día é máis necesario promover e coordinar o voluntariado desde postulados flexibles que permitan unhas regras básicas para o desenvolvemento da súa acción en campos como a saúde.

X.- O Servizo Galego de Saúde a través da EOXI de Pontevedra e O Salnés comprométese a prestar a súa colaboración para o desenvolvemento da actividade do voluntariado a través do programa do **Carriño Don Amable ou Carriño Solidario** en consonancia co estipulado na mencionada Lei 10/2011, de 28 de novembro de acción voluntaria e na Lei 8/2008, de 10 de xuño, de Saúde de Galicia, especialmente no seu artigo 27.

De conformidade co anteriormente exposto e seguindo este amplo sentido de colaboración, as entidades comparecentes decidiron cooperar nas actividades que actualmente desenvolven, recoñecendo a representación que ostentan e acordando formalizar o presente Acordo de Colaboración conforme ás seguintes:

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración regula a actuación do voluntariado da AECC no Hospital de Día Oncohematolóxico do Servizo Galego de Saúde (EOXI de Pontevedra e O Salnés), co fin de conseguir unha maior calidade de vida para os enfermos/as de cancro e as súas familias.

SEGUNDA.- FUNCÍONS DOS VOLUNTARIOS/AS

As principais funcións a desenvolver polos voluntarios/as e en concreto polos voluntarios e voluntarias do **Carriño Don Amable** para a consecución do obxectivo son:

- Acompañamento ao/a enfermo/a e á súa familia cando as condicións do/a paciente o faciliten e non exista impedimento por parte dos afectados/as e do persoal sanitario responsable.
- Ofrecer bebidas/alimentos (previamente autorizados polos responsables sanitarios da unidade), revistas, periódicos e información sobre a AECC a aqueles/as pacientes e familiares que o desexen.
- Apoio emocional ao/á enfermo/s e á súa familia para facilitar a expresión de emocións asociadas co diagnóstico e o proceso da enfermidade.
- Suplencia do/da coidador/a primario/a para facilitar o seu descanso físico e emocional.
- Apoio ao persoal sanitario mediante tarefas complementarias ás dos profesionais, sen interferir nestas últimas nin realizar tarefas correspondentes aos profesionais.
- Comunicación ao coordinador/a do voluntariado de situacións que puideran precisar a intervención de profesionais da EOXI, para a súa derivación ao profesional correspondente.
- Aqueloutras que poidan xurdir no habitual desenvolvemento do programa e contén coa aprobación da EOXI de Pontevedra e O Salnés.

Estas funcións serán desenvolvidas en coordinación e baixo a supervisión do persoal de

enfermaría do Hospital de Día Oncohematolóxico.

TERCEIRA.- OBRIGA DAS PARTES

1. Compromisos da AECC:

- Achegar, a súa costa, os recursos materiais necesarios para o desenvolvemento do programa do voluntariado: carros, bebidas, galletas, pastas, revistas, folletos, etc., entre outros de similar consideración que puideran ser necesarios.
- Achegar o persoal voluntario necesario para a correcta atención dos/as pacientes.
- Realizar unha xestión adecuada dos alimentos que garanta a súa seguridade, de acordo coa normativa en vigor.
- Nomear un/unha coordinador/a de voluntariado, que será responsable da actuación dos seus membros e será o/a interlocutor/a válido/a ante o/a representante nomeado/a pola EOXI.
- Seleccionar e formar aos voluntarios/as que participen no desenvolvemento da actividade.
- Achegar indumentaria e identificación para os/as voluntarios/as
- Prover dos seguros de Accidentes e Responsabilidade Civil aos voluntarios/as.
- Fomentar a presenza dos/as voluntarios/as en todos aqueles foros onde se traten temas relacionados co voluntariado e o cancro adulto e infantil, e nas cornadas de Convivencia Social que organice a Asociación.
- Cumprir en todo momento a lexislación vixente, tanto a nivel nacional como autonómico, en materia de voluntariado.

2. Compromisos do Servizo Galego de Saúde:

- Facilitar un espazo físico no Hospital de Día Oncohematolóxico, para a situación permanente do Carriño Don Amable que estará custodiado polo coordinador/a do voluntariado e algún dos/as voluntarios/as do seu equipo.
- Facilitar o acceso do Carriño Don Amable nas áreas do Hospital de Día que sexan autorizadas polo persoal sanitario.
- Facilitar un espazo para que os voluntarios e voluntarias e coordinador/a de voluntariado poidan deixar e coller a indumentaria para as súas labores, que non implicará cesión do mesmo.
- Facilitar un espazo axeitado para deixar o Carriño Don Amable dun día para outro e os alimentos perecedoiros e non perecedoiros (espazo nun armario e espazo nunha neveira).
- Proporcionar a información e os medios necesarios ao persoal sanitario do hospital para que o maior número de enfermos/as oncolóxicos poidan ter acceso aos servizos de voluntariado.
- Difundir o Programa do Carriño Don Amable aos/ás profesionais sanitarios do Hospital de Día, así como todos aqueles que estean implicados no desenvolvemento do mesmo.

CUARTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

As obrigas sociais e laborais respecto do persoal que aporte a AECC corresponderán única e exclusivamente a esta, sendo tanto o Servizo Galego de Saúde como a EOXI de Pontevedra e O Salnés totalmente alleos ás devanditas relacións laborais.

A subscrición do presente convenio non comporta relación laboral ou de calquera outro tipo entre o persoal e voluntarios da AECC e o Servizo Galego de Saúde.

A AECC garantirá que as persoas que integren o equipo de traballo teñan a formación, cualificación e dimensións adecuadas para a realización dos traballos convidados e non poderán desenvolver en ningún caso activades que sexan propias do persoal pertencente ao Servizo Galego de Saúde.

QUINTA.- PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

En cumprimento do disposto no artigo 24 da Lei 31/95 de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais (LPRL) e no Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da LPRL en materia de coordinación de actividades empresariais o Servizo Galego de Saúde e a AECC obríganse a facilitar as medidas de coordinación que acorden os respectivos Servizos de Prevención, a comunicarse as incidencias ou modificacións que se produzan durante o desenvolvemento da actividade, para os efectos de garantir o cumprimento da lexislación vixente.

SEXTA.- COMUNICACIÓN DE DATOS ENTRE AS PARTES

Ambas as dúas partes comprométense a manter o segredo en relación cos datos de carácter persoal dos pacientes que afectan á súa intimidade e, en particular, a dar cumprimento ao establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD) e a súa normativa de desenvolvemento.

Cada parte responderá directamente ante a Axencia Española de Protección de Datos, así como ante as outras partes, das sancións pecuniarias e responsabilidades de todo tipo que dos propios incumprimentos nesta materia se deriven por ela mesma.

SÉTIMA.- HORARIO DE COBERTURA

As actividades realizaranse no horario que non obstaculice o funcionamento do centro hospitalario, debendo contar coa aprobación expresa do responsable do Hospital de Día Oncohematolóxico. Inicialmente establécese o seguinte:

- Quenda de mañá: de 10:00 a 13:30 horas, de luns a venres
- Quenda de tarde: de 17:00 a 19:00 horas os mércores

Non obstante, poderá ser revisado para adaptarse ás necesidades de pacientes e profesionais.

OITAVA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Co fin de velar polo cumprimento xeral das cláusulas do presente acordo de colaboración e coordinar as accións previstas, crearase unha Comisión Mixta entre a Asociación e a EOXI de Pontevedra e O Salnés, coa seguinte composición:

- Por parte da asociación: a Presidenta da mesma ou persoa en quen delegue, e un/unha técnico nomeado/a por aquela.
- Por parte da EOXI: a persoa que ocupe a Xerencia ou persoa en quen delegue, e un/unha técnico nomeado por aquela.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta Comisión, o/a Presidente do Servizo Galego de Saúde será competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. Dita resolución pode ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Serán competencias xerais desta Comisión:

- a) A avaliación do desenvolvemento do presente acordo de colaboración.
- b) A preparación de sucesivos programas-
- c) A proposta da prórroga do acordo de colaboración ou da súa rescisión.
- d) O estudo e asesoramento respecto a todas as cuestións que secan sometidas á Comisión por calquera das partes.

Esta Comisión reunirse unha vez ao ano e nas circunstancias excepcionais que así o aconsellen.

NÓVENA.- FINANCIACION

O presente convenio non leva compromiso de gasto para o Servizo Galego de Saúde/ Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra e o Salnés e por este motivo non precisa consignación orzamentaria.

DÉCIMA.- DIFUSIÓN

Na difusión que o Servizo Galego de Saúde/EOXI de Pontevedra e O Salnés e a asociación fagan, a través de calquera medio de comunicación social, das accións derivadas da aplicación do presente acordo de colaboración, farase constar expresamente que estas se realizan en virtude da colaboración acordada entre a EOXI de Pontevedra e O Salnés e a Asociación Española contra el Cáncer.

DÉCIMA PRIMEIRA.- VIXENCIA, PRÓRROGA E DENUNCIA

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e terá unha vixencia dun ano.

Este convenio prorrogarase por acordo unánime das partes por períodos anuais, conforme ao estipulado no artigo 49. 1. h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, en caso de non haber denuncia por ningunha das partes.

DÉCIMO SEGUNDA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- O incumprimento manifesto total ou parcial das obrigas asumidas por calquera das partes.
- A denuncia expresa dalgunha das partes, con previo aviso de, como mínimo, dous meses de antelación á finalización do prazo de vixencia do convenio ou de calquera das súas prórrogas .
- O acordo mutuo das partes.
- O transcurso do prazo estipulado sen que se desenvolva o convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa. As dúbidas e controversias que xurdan con motivo da interpretación e aplicación do presente convenio e que non poidan ser resoltas no seo da Comisión de Seguimento, resolveranse ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- REXISTRO DE CONVENIOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

A firma deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei Galega 1/2016,

do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade cos termos do presente documento, ambas as partes asínano por triplicado e a un só efecto, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O presidente do Servizo Galego de Saúde
(P.D de data 3 de abril de 2018)
O xerente de Xestión Integrada de Pontevedra e
o Salnés

A presidenta provincial de Pontevedra da
AECC

José Ramón Gómez Fernández

María Josefa Crespo Amigo